

ACCESO DENDE A FP AOS ESTUDOS UNIVERSITARIOS

Instrucións provisionais, extraída das páxinas

<http://www.edu.xunta.gal/fp/acceso-universidade> e <https://ciug.gal/gal/abau>

1.- ACCESO

As persoas que dispoñan do título de técnico superior de FP, poderán acceder de modo directo, **SEN NECESIDADE DE PROBA**, a calquera ensinanza universitaria de grao. Non existen prazas reservadas para as persoas tituladas en FP, polo que accederán participando no proceso de admisión dentro da cota xeral; a mesma cota pola que acceden as persoas que remataron Bacharelato e realizaron a ABAU completa.

2.- ADMISIÓN

No caso de que o número de solicitudes de admisión a unha ensinanza universitaria sexa maior que o número de prazas dispoñibles, para ordear as solicitudes de cara á adxudicación das prazas, utilizarase unha **nota de admisión** que será a **nota media do ciclo formativo (NMC)**.

NOTA DE ADMISIÓN = NMC (Nota Media do Ciclo formativo)

Para o cálculo da NMC, sumaranse as cualificacións numéricas dos módulos do ciclo (agás o módulo de FCT) e dividirase o resultado polo número total dos módulos. Dita nota media expresarase con dúas cifras decimais, con redondeo á centésima máis próxima, e en caso de equidistancia, á superior.

3.- PROCEDIMENTO PARA MELLORAR A NOTA DE ADMISIÓN

As persoas que precisen mellorar a súa nota de admisión poderán **realizar os exercicios da fase voluntaria** da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU).

- Cada estudante poderá examinarse dun máximo de catro materias. Só se terán en conta para o cálculo da nota de admisión a cada grao; **as dúas mellores notas aprobadas**. Para elixir as materias das que te convén examinarte consulta os parámetros de ponderación na páxina da CIUG.
- As probas cualificaranse de 0 a 10 puntos, con dúas cifras decimais. Considérase superada a materia cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

Neste caso, a nota de admisión calcularase mediante a seguinte fórmula:

$$\text{NOTA DE ADMISIÓN} = \text{NMC} + a * \text{M1} + b * \text{M2}$$

- NMC: Nota Media Ciclo formativo
- M1 e M2: cualificacións dun máximo de dúas materias superadas da fase voluntaria
- a e b: Parámetros de ponderación das materias para cada titulación

4.- PROCEDIMIENTO MATRÍCULA NA ABAU


Entre finais de abril e principios de maio, a persoa titora de cada grupo, recollerá, nunha listaxe o nome e apelidos do alumnado da súa aula interesado en presentarse á fase voluntaria da ABAU e o comunicará á Secretaría do CIFP para o traspaso dos datos académicos á universidade.

Por outra banda, o alumnado de FP, interesado en realizar a fase voluntaria da ABAU, deberá realizar a solicitude de matrícula para as probas a través de NERTA e dentro do período establecido pola CIUG.

5.- PAGO DE TAXAS DO TÍTULO DE FP

- **Periodo de espera entre a realización da ABAU e a finalización dos módulos de Proxecto e FCT:** unha vez rematados os exames da ABAU (principios de xuño), hai que esperar ata a avaliación final do ciclo a finais de xuño para solicitar o título. Non se debe realizar a solicitude de admisión na universidade ata ter pagadas as taxas do título de FP.
- **Pago de taxas do título de FP:** a persoa titora do ciclo informará do momento en que se debe realizar o pago das taxas do título. Despois de ter pagado, o alumnado deberá achegar á secretaría do centro a seguinte documentación:
 - Xustificante de pago de taxas título: modelo 730* (non confundir có recibo do pago)
 - Solicitude de título cuberta e asinada
 - Copia do DNI (polas dúas caras e que non estea caducado)
 - Título de familia numerosa en vigor, se é o caso

INTERESADO

		XUSTIFICANTE DE PAGO DE TAXAS, PREZOS, MULTAS E SANCIONS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA		730	
Nº Operación:		Nº Taxa:			
Obrigado ó pago ou suxeito pasivo					
NIF:		Nome ou Razón Social:			
Enderezo:					
Representante					
NIF:		Nome ou Razón Social:			
Enderezo:					
Códigos					
Comunidade:		07			
Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades					
Categoría:		13			
Servizos Centrais					
Epígrafe:		03			
Ensino Medio					
Tipo:		302003			
Expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola LOE e dos seus duplicados:					
Datos do pago					

Documento necesario (xustificante de pago, mod. 730)

RECIBO DO PAGO CON TARXETA / BIZUM Núm. de Xustificante:	
Suxeito pasivo:	
Concepto: 739 - Taxas, Precios, Multas e Sancións Telemáticas ou con NRC	
Data:	
NRC:	
Entidade: TPV	Importe:
	Núm. Pedido:

Este recibo sorte os efectos liberatorios para co Tesouro Público Facenda Galega sinalados no Regulamento Xeral de Recadación.

Documento non necesario para o trámite

6.- ENLACES DE INTERESE

Aplicación Informática Nerta: <https://www.edu.xunta.gal/nerta/>

ABAU: <https://ciug.gal/gal/abau>

Preguntas frecuentes sobre ABAU: <https://ciug.gal/gal/faq-abau>

Preguntas frecuentes sobre admisión na universidade: <https://ciug.gal/gal/faq-acceso>

Solicitude de admisión no SUG: <https://ciug.gal/gal/admision-sug>

Matrícula na universidade: <https://ciug.gal/gal/matricula-sug>